



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 18 DE OUTUBRO DE 2007,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008.

DECRETOS

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E
TRANSPORTES**

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de mellora da seguridade viaria nas estradas AC-122: pk 3 + 340 ao 4 + 900 e AC-133: pk 4 + 630 ao 7 + 000.
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de mellora da seguridade viaria nas estradas AC-566 Narón (AC-862)-Campo do Hospital (AC-862). Pk 13 + 150 ao 2 + 570.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gastos de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58.1.b) do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na resolución do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, pola que se modifica a do 2 de marzo de 2007 pola que se regulan as bases para a concesión de axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero e se procede á súa convocatoria.



CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e a *Ollscoile na hÉireann, Corcaigh-national University of Ireland, Cork*, para a docencia, a investigación e máis a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e a *Uniwersytet Warszawski*, para a docencia, a investigación e máis a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e a *Universitat Autònoma de Barcelona*, para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e a Universidade do País Vasco/*Euskal Herriko Unibertsitatea*, para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e a *Freie Universität Berlin*, para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e a *University of Birmingham*, para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas.

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, a *Axencia Galega de Desenvolvemento Rural-Agader*, a Deputación Provincial da Coruña, o *Centro de Iniciativas Turísticas do Eume*, e a *Asociación Euroeume*, para o desenvolvemento dun plan piloto de mellora da calidade turística e promoción artesanal na zona do Eume.



- Acordo polo que se declara festa de Galicia de interese turístico na provincia da Coruña “Festa de San Fins do Castro” (Cabana de Bergantiños).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se declara expresamente a prevalencia da utilidade pública do *Proxecto de trazado da autovía do Barbanza AG-11*, sobre a dos montes veciñais en man común *Cruz de Abelán, Valouta e Fontecova, Pena e Leoiras* e outros, *Pena e Leoiras* e *Pena* na provincia da Coruña, promovido pola Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Coruña.
- Acordo polo que se declara expresamente a prevalencia da utilidade pública do *Proxecto de ampliación do cemiterio municipal de Vista Alegre* sobre a do monte veciñal en man común *Deira e Pedroso*, pertencente á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de *Brión e outros*, no concello de Boiro (A Coruña), promovido polo Concello de Boiro.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Universidade de Santiago de Compostela, para a *Análise do impacto ambiental na Universidade de Santiago de Compostela*, por importe de corenta e oito mil seiscentos corenta euros (48.640,00 €).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico e financeira da Xunta de Galicia co Concello da Pontenova, para a execución da obra: “Pequenas obras de infraestrutura hidráulica. Ampliación do abastecemento de auga á Pontenova. A Pontenova (Lugo)”, clave OH.227.445, por importe de cento noventa e oito mil euros con un céntimo. (198.000,01 €).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Allariz, para a rehabilitación de baixos comerciais na zona histórica.



O GOBERNO GALEGO APROBA AS CONTAS DA COMUNIDADE PARA 2008, OS ORZAMENTOS DO AVANCE ECONÓMICO E DO PROGRESO SOCIAL

OS ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA PARA O VINDEIRO EXERCICIO ACADAN OS 11.556 MILLÓNS DE EUROS, UN INCREMENTO DO 7,3% RESPECTO ÁS DE 2007

- *Recollen oito liñas prioritarias: a educación e a innovación; as infraestruturas produtivas; o transporte público; o desenvolvemento sustentable e a cohesión territorial; a sanidade; o benestar social e dependencia; a vivenda; e o fomento do emprego*
- *Son unhas contas caracterizadas pola transparencia, a eficiencia e o rigor orzamentario co obxectivo de consolidar o cambio e de medrar máis e mellor*
- *Os orzamentos recollen o incremento das pensións mínimas non contributivas*

O Goberno galego aprobou hoxe o Proxecto de Lei de orzamentos da comunidade autónoma para o ano 2008, que apostan polo avance económico e polo progreso social. As contas xerais da Xunta para o vindeiro exercicio acadan a contía total de 11.556 millóns de euros, o que supón un incremento do 7,3 por cento con respecto ao ano 2007.

Os orzamentos da Xunta para 2008 nacen co obxectivo prioritario de aumentar a eficiencia do gasto público e seguir acentuando o rigor e a transparencia da Administración autonómica, consolidando o cambio de modelo económico baseado nas máximas de medrar máis e medrar mellor. Son, polo tanto, unhas contas baseadas na transparencia, a eficiencia e o rigor orzamentario e céntranse en oito eixes de actuación fundamental, englobados en dous grandes capítulos: o gasto produtivo, onde se inclúe o gasto en educación e innovación; infraestruturas produtivas; transporte público; desenvolvemento sustentable e cohesión territorial; e o gasto en políticas sociais, onde se recollen os investimentos en materia de sanidade; benestar social e dependencia; vivenda e fomento do emprego. Ademais, as contas da Xunta para o vindeiro ano recollen a partida necesaria para facer fronte ao incremento das pensións mínimas non contributivas.

Educación e innovación

No que respecta ao capítulo da educación e a innovación, as partidas orzamentarias para o vindeiro exercicio medran, con respecto ao ano anterior, un 7 por cento e un 10,4 por cento, respectivamente.

Así, o capítulo educativo contará cun investimento global de 2.312 millóns de euros de orzamento, experimentando un incremento con respecto a 2005 do 25,3 por



cento. Deste xeito, en tres exercicios supérase en máis de 5 puntos o compromiso adquirido para a toda lexislatura.

Entre as medidas que o Goberno galego porá en marcha neste eido están as 2.500 bolsas para o estudo de idiomas para alumnos de ESO e Bacharelato; a extensión do servizo de comedor nos colexios de ensino infantil e primario, con 60.000 escolares beneficiados desde o primeiro ata o último día do curso; a expansión do horario de apertura dos centros; o incremento do 73,6 por cento do orzamento nos programas de prevención do abandono escolar, con actuacións en 600 centros públicos; e investimentos de cinco millóns de euros para a aprendizaxe en idiomas (o dobre que en 2007), máis de 374 millóns de euros para o ensino universitario (30 millóns máis que en 2007) ou máis de 763 millóns para formación e cualificación profesional e ensinanzas secundarias (30 millóns máis que o exercicio anterior).

No referente á investigación e o desenvolvemento, as achegas destinadas a este capítulo ascenden en 2008 a 131,7 millóns de euros, o que supón un 58,8 por cento de incremento con respecto ao ano 2005. Neste eido, cabe destacar o desenvolvemento do Plan Galego de I+D+i, ao que irán destinados 89 millóns de euros; así como os 42,4 millóns para o fomento da investigación no ámbito universitario; ou o Plan Galego da Sociedade da Información e a implantación das TIC na comunidade educativa.

Infraestruturas produtivas

Na área das infraestruturas produtivas, destínanse máis de 480 millóns de euros a investimentos en infraestruturas viarias, cun incremento do 36,3 por cento con respecto a 2005, e 225,5 millóns á promoción de solo empresarial, un 13,9 por cento máis que o investido en 2007. Deste xeito, tanto os recursos destinados ás infraestruturas do transporte como os dedicados á promoción de solo para actividades económicas medran máis do 13 por cento.

Entre as principais actuacións recollidas neste capítulo de infraestruturas produtivas destacan: o pulo á rede de alta capacidade de estradas e aos eixes vertebradores do territorio; os 413 millóns que se destinarán a novas estradas e á mellora da rede viaria; o Plan de infraestruturas do transporte de Galicia; o investimento de 225,5 millóns en preparación de solo empresarial; ou actuacións que terán especial incidencia nas grandes cidades e nos municipios dinamizadores establecidos no Plan de Reequilibrio Territorial.



Pulo ao transporte público

No que respecta ás políticas de transporte, as partidas destinadas para tal fin elévanse en 2008 ata os 72,2 millóns de euros, cun incremento respecto ao 2007 do 87,5% e dun 152,3 por cento no último trienio. Isto é debido ao carácter prioritario e a aposta que o Goberno galego realizará en 2008 pola modernización do transporte e o fomento do transporte público.

Así, as contas da comunidade autónoma para o vindeiro ano recollen actuacións singulares como o Plan de fomento do transporte público; a implantación do billete único de transporte público ans cidades; a extensión do Noitebús; o incremento de 70 rutas no rural no servizo Tes+Bus; o reforzamento do servizo Chama ao Bus en 50 concellos ou a promoción do transporte urbano limpo.

Desenvolvemento sustentable e cohesión territorial

O desenvolvemento sustentable e a cohesión territorial recolle unha dotación de 160,3 millóns de euros para infraestruturas e xestión de abastecemento e saneamento (cun incremento respecto a 2007 do 10,6%), e de 331,4 millóns de euros destinados ao Plan de Reequilibrio Territorial, o que representa un incremento orzamentario do 47,3 por cento respecto ao exercicio anterior.

Entre as principais actuacións neste capítulo destacan o Plan de saneamento das rías galegas; o desenvolvemento do Plan de saneamento de Galicia 2008-2015; as 20 novas EDAR que estarán en construción en 2008; a licitación de 10 novas estacións de tratamento de auga potable; a planta de tratamento de lodos; ou os investimentos en infraestruturas produtivas, ambiente e sustentabilidade, equipamentos sociais e vivenda, medio rural e pesca e promoción económica naquelas zonas máis desfavorecidas do país.

Área sanitaria

Co obxectivo de converter o superávit económico en superávit social, os Orzamentos da Xunta para 2008 prevén unha importante batería de medidas sociais, en materias como a sanidade, o benestar social e a dependencia, a vivenda ou o fomento do emprego e a seguridade no traballo.

Concretamente, a dotación orzamentaria en materia de sanidade do vindeiro ano ascenderá a 3.638,9 millóns de euros, unha cifra que supón un crecemento do 28,7 por cento con respecto ao ano 2005 e un 7,4 por cento se se compara co exercicio anterior. Entre as principais actuacións nesta materia destacan a mellora da capacidade de atención primaria, cun incremento de 227 millóns de euros para a atención especializada; o Plan de atención integral á muller: vacinación; a ampliación da cobertura dos servizos e coidados paliativos; o Plan de atención bucodental a



rapaces; a aplicación das TIC no sector sanitario, co impulso á receita electrónica; ou o Plan de infraestruturas hospitalarias.

Benestar e dependencia

Na esfera do benestar social e a dependencia o orzamento medra un 21 por cento con respecto ao exercicio anterior, acadando os 514,5 millóns de euros. Os investimentos nesta materia van encamiñados a darlle un grande impulso ao sistema galego de atención á dependencia e promoción da autonomía persoal. Así mesmo, recóllese a atención a 16.500 grandes dependentes e a incorporación gradual dos dependentes severos en centros residenciais, no seu contorno familiar ou a través de axuda no fogar, ademais do servizo de apoio á mobilidade para ás persoas con discapacidade ou en situación de dependencia que non poidan utilizar o transporte público colectivo. Destínanse 19,4 millóns de euros para accións de igualdade, protección e promoción da muller e a loita contra a violencia de xénero, case un 62% máis que en 2007; e se invisten 20 millóns de euros para rematar catro centros públicos.

Política de vivenda

O dereito ao acceso a unha vivenda digna é outro dos obxectivos prioritarios que recollen as contas da Xunta para 2008. Deste modo, os investimentos neste capítulo medran un 18,9 por cento con respecto a 2007, acadando a cifra total de 242,4 millóns de euros. Desta partida, máis de 98 millóns irán destinados ao fomento do acceso á vivenda (cun incremento de 46,4 millóns sobre o anterior orzamento); ao Plan galego da vivenda; e a axudas para a rehabilitación de vivenda en núcleos históricos, na zona rural ou para adquisición de vivenda de protección autonómica usada.

Emprego e seguridade no traballo

As políticas activas de emprego e seguridade no traballo convértense noutro dos destinos prioritarios do gasto social, cun crecemento do 14,3 por cento con respecto a este ano e máis do 50 por cento se se computan os tres exercicios orzamentarios, acadando un investimento global de 378 millóns de euros.

Entre as principais actuacións neste eido recóllese dar cumprimento aos acordos inscritos no diálogo social; a mellora e fomento da empregabilidade (con 131,6 millóns de euros, un 14,6 por cento máis que en 2007); o avance na seguridade no traballo e á prevención de riscos laborais (un 36 por cento máis que en 2007); a posta en marcha do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral; a mellora da cualificación para o emprego, para o que se dedican 28,9 millóns de euros (un 57,9% máis que en 2007); a programas mixtos de formación-emprego; ou á mellora da estabilidade no emprego, fomentando a contratación indefinida de 2.500 mulleres, 1.000 traballadores e 2.500 mozos e mozas.



Os recursos destinados á cooperación exterior experimentarán un incremento do 13,7 por cento respecto ao anterior exercicio orzamentario, acadando a cifra de 11,2 millóns de euros.

Impulso ao sector primario

Os orzamentos da comunidade autónoma para 2008 recollen un importante esforzo para impulsar o sector primario, tanto no eido pesqueiro como no medio rural. Deste xeito, está previsto o gasto de 14,7 millóns de euros na promoción e divulgación da tecnoloxía pesqueira, o que supón un incremento do 18,7% con respecto ao ano 2007; de 14,4 millóns de euros para a regulación da produción e dos mercados da pesca; a loita contra a contaminación mariña ou a diversificación económica das zonas dependentes da pesca.

As contas recollen tamén medidas destinadas ao desenvolvemento rural, como a mellora e conservación de 150 quilómetros de infraestruturas rurais, ou a mobilización de 30.000 hectáreas de terra para ser explotadas a través do Banco de Terras. Especialmente relevante é a intensificación da estratexia de prevención e loita contra os incendios forestais con actuacións como o investimento de 36,5 millóns máis que o ano pasado en accións preventivas e na industria forestal, ou o gasto de 67,7 millóns para a ordenación de producións forestais, o que supón un 19,3% máis que o ano pasado.

Promoción da cultura

No apartado da promoción da cultura, o Goberno galego investirá 12,9 millóns de euros a fortalecer as bibliotecas, arquivos e museos de Galicia, o que representa un 12,4% máis que en 2007. Trátase, de darlle impulso a diferentes liñas de actuación anunciadas nos últimos meses, como o Plan de fomento do libro, a potenciación das industrias culturais e o reforzo das políticas culturais produtivas.

Ademais, a Xunta destinará en 2008 42 millóns de euros ao fomento de actividades deportivas, o que supón un 11% máis do que se destinaba en 2005.

Distribución do incremento orzamentario

De cada 100 euros que a Xunta gaste o vindeiro ano, 57 destinaranse a gasto social e 43 ao gasto produtivo.

O incremento dos orzamentos do ano 2008 ascende a 756,7 millóns de euros. Deles, case a terceira parte, 238,5 millóns, destínanse á área sanitaria. A educación é a segunda beneficiaria deses recursos adicionais, con 145,3 millóns de euros; as políticas de igualdade e benestar reciben 87,6 millóns de euros adicionais (o 11,6 por cento do total); as políticas de infraestruturas e transportes recollen 76,1 millóns de



euros dos recursos adicionais (o 10,1 por cento do total); as transferencias ás corporacións locais medran en 64,6 millóns de euros, absorbindo un 8,5 por cento do incremento orzamentario; as actuacións en materia de traballo absorben 47,3 millóns do incremento; e innovación e industria 25,5 millóns dos recursos adicionais. Os restantes 71,8 millóns, ata completar os 756,7 de incremento orzamentario, repártense entre outras seccións de gasto.



POLÍTICA TERRITORIAL DESTINA 3,15 MILLÓNS DE EUROS Á MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NAS ESTRADAS AC-122 E AC-133 EN MUGARDOS

- *O obxectivo é proporcionarlle aos peóns unha alternativa segura e mellorar algunhas interseccións con camiños que teñen pouca visibilidade*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de mellora da seguridade viaria nas estradas AC-122 e AC-133 en Mugardos. Esta actuación suporá un investimento de 3,15 millóns de euros, dos cales 760.000 euros irán destinados ás expropiacións dos 129 predios afectadas.

En concreto, as obras de mellora da seguridade viaria realizaranse en preto de catro quilómetros de ambas as estradas. Na AC-122 Cabanas-A Gallada os traballos acometeranse entre os puntos quilométricos 3,340 e 4,900 mentres que na AC-133 Fene-Mugardos a mellora realizarase entre os puntos quilométricos 4,630 e 7,000.

Estes treitos contan con múltiples edificacións dispersas nas proximidades das estradas, polo que se xera moito tránsito peonil. Así pois, o obxectivo das obras será proporcionarlles aos peóns unha alternativa segura diferenciada do tráfico rodado e mellorar algunhas interseccións con camiños que teñen pouca visibilidade.



A XUNTA, A TRAVÉS DE POLÍTICA TERRITORIAL, INVESTIRÁ 3,11 MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DA AC-566 EN NARÓN

- *O obxectivo é regular os accesos dos vehículos pesados á estrada, para o cal se dotará de vías de servizo e se modificarán algunhas interseccións*

O Goberno galego aprobou na súa reunión de hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de mellora da seguridade viaria na estrada AC-566 Narón-Campo do Hospital no termo municipal de Narón. Esta actuación, que prevé a construción de vías de servizo, suporá un investimento de 3,11 millóns de euros, dos cales 770.000 euros se destinarán ao pagamento das expropiacións dos 54 predios afectadas.

En concreto, as obras de mellora da seguridade viaria realizaranse en preto de quilómetro e medio da estrada, entre os puntos quilométricos 1,150 e 2,570. Este treito ten nas súas marxes varias empresas que xeran un importante tráfico de camións. Para regular os accesos destes vehículos pesados á estrada é necesario reformala para dotala de vías de servizo, o que tamén obrigará a modificar as súas interseccións.



A XUNTA AMPLÍA EN 900.000 EUROS O ORZAMENTO DO SALARIO DA LIBERDADE, DESTINADO ÁS MULLERES VÍTIMAS DE MALOS TRATOS

- *A ampliación de orzamento vén motivada polo alto volume de solicitudes e polo seu carácter prioritario para o Goberno galego*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá unha ampliación de 900.000 euros nos orzamentos para o salario da liberdade, axuda económica destinada ás mulleres vítimas da violencia de xénero. Trátase dunha ampliación orzamentaria que vén dada polo alto volume de solicitudes que mantén esta iniciativa e polo carácter prioritario que o Goberno galego lle presta á atención ás vítimas de malos tratos.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta, a través do Servizo Galego de Igualdade, leva ampliado xa noutras dúas ocasións a partida orzamentaria para o salario da liberdade. Na resolución para estas axudas, en marzo deste ano, o crédito orzamentario inicial quedara fixado en 263.400 euros para adxudicacións novas en 2007, que se sumaron aos 686.600 euros para adxudicacións xa comprometidas en 2006. Posteriormente, modificouse e ampliouse esta resolución en xuño cunha nova partida orzamentaria de 102.000 euros e en setembro ampliouse de novo o crédito con 300.000 euros.

Con esta nova ampliación de 900.000 euros para o exercicio deste ano, o orzamento total fixado para o salario de liberdade en 2007 supera os 2,2 millóns de euros. Con este novo incremento garántese a percepción do salario para as mulleres vítimas de malos tratos pendentes de percibilo, así como todas aquelas outras que o soliciten ata finais de ano.

Axudas

O obxectivo do salario da liberdade é facilitar a independencia económica das mulleres que sofren violencia de xénero e proporcionarlles apoio económico para lles garantir unhas condicións suficientes de seguridade económica respecto do agresor que lles posibiliten dar o primeiro paso para romper con esa situación.

Durante o ano 2006 o salario da liberdade posibilitou que 275 mulleres acadasen a independencia económica dos seus maltratadores.



POLÍTICA LINGÜÍSTICA DIFUNDIRÁ A LINGUA E CULTURA GALEGAS EN BARCELONA, PAÍS VASCO, BIRMINGHAM, VARSOVIA, BERLÍN E CORK

- *A Secretaría Xeral de Política Lingüística renova a colaboración con dúas universidades de España e catro do estranxeiro para continuar co ensino da lingua e cultura galegas nos seus plans de estudo*
- *Xunto coa docencia, os convenios consideran a organización doutras actividades relacionadas coa investigación e a promoción e difusión do galego no exterior*

A Secretaría Xeral de Política Lingüística e seis universidades de España e do exterior van continuar colaborando na difusión exterior da lingua galega, a través da docencia, a investigación e a promoción do idioma.

A Universidade Autónoma de Barcelona e a do País Vasco, dentro do ámbito nacional, e as de Birmingham (Reino Unido), Warszawski (Polonia), Berlín (Alemaña) e Cork (Irlanda), no exterior, proseguirán co ensino da lingua e cultura galegas nos seus plans de estudo. O Consello da Xunta aprobou hoxe a renovación dos convenios entre a Xunta de Galicia e estas entidades académicas.

A colaboración con estas universidades enmárcase nunha das liñas básicas de actuación de Política Lingüística de subscribir convenios con universidades de prestixio do exterior interesadas en incluír o ensino da lingua, a literatura e a cultura galegas nos seus programas académicos.

Ao abeiro destes convenios, os alumnos das seis entidades académicas poderán seguir cursando a materia de lingua e cultura galegas. Ademais da docencia, os convenios consideran a posta en marcha de accións que escapen do ámbito estritamente académico, como a organización de seminarios, conferencias, mesas redondas ou exposicións que lle ofrezan ao público unha completa perspectiva da nosa cultura.

Contratación de lectores

Na nova andaina de colaboración coas universidades de Barcelona, País Vasco, Birmingham, Cork e Varsovia establécese o compromiso de que os lectores teñan unha relación laboral, a través dun contrato, con estas universidades. Ata agora, os profesores lectores tiñan consideración de bolseiros.

Nestes momentos, a rede de difusión exterior do galego conta con 35 lectorados e 43 centros de estudos galegos espallados polo mundo.



INNOVACIÓN E INDUSTRIA IMPULSA UN PLAN PILOTO DE MELLORA DA CALIDADE TURÍSTICA E PROMOCIÓN COMERCIAL ARTESANAL DA COMARCA DO EUME

- *A Consellería asinará un convenio coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), coa Deputación Provincial da Coruña, co Centro de Iniciativas Turísticas do Eume e coa Asociación Euroeume para a posta en marcha do plan*
- *A iniciativa contará cun investimento de 820.000 euros*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), a Deputación Provincial da Coruña, o Centro de Iniciativas Turísticas do Eume e a Asociación Euroeume para a posta en marcha dun plan piloto de mellora da calidade turística e Promoción comercial artesanal da zona do Eume. Este plan, que conta cun orzamento total de 820.000 euros que achegarán as administracións asinantes, desenvolverase concretamente nos concellos de Cabanas, Pontedeume, Monfero, Vilarmajor, As Pontes de García Rodríguez e A Capela.

O plan prevé a realización dun conxunto de actuacións de carácter plurianual para o período 2007-2010, que se executarán tomando como eixes vertebradores do desenvolvemento turístico da zona o Camiño Inglés e a Ruta dos Andrade, no marco dos principios do turismo sustentable e das políticas de integración ambiental e desenvolvemento rural e cunha aposta decidida pola calidade e singularidade do produto.

Así, o plan recolle para a zona do Eume a dotación de infraestruturas, equipamentos e servizos turísticos axeitados ou, de ser o caso, mellora da calidade dos existentes; a potenciación da diversificación e mellora da oferta complementaria; a creación de novos produtos turísticos; a posta en valor e presentación do patrimonio cultural e natural; a sensibilización, formación e implicación da poboación e axentes locais nunha cultura da calidade; a comunicación, promoción e comercialización da oferta turística; a realización de feiras de produtos artesanais e agroalimentarios e a mellora e promoción dos obradoiros de artesanía existentes na zona.

As administracións asinantes financiarán o plan, con achegas de 415.000 euros por parte da Deputación Provincial da Coruña; de 270.000 por parte da Consellería de Innovación e Industria; e de 135.000 por parte de Agader. Pola súa banda, o Centro de Iniciativas Turísticas do Eume e a Asociación Euroeume estimularán, difundirán e promoverán as actuacións necesarias para impulsar a aplicación do plan.



En virtude do convenio de colaboración que se prevé asinar, Innovación e Industria considerará prioritarios, dentro dos seus programas de actuacións e de apoio ao sector, a colaboración naqueles proxectos turísticos e actividades artesanais que converxan nos obxectivos do plan.



O CONSELLO DA XUNTA DECLARA COMO FESTA DE INTERESE TURÍSTICO GALEGO A FESTA DE SAN FINS DO CASTRO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

▪ *Recoñece así a súa antigüidade e os valores culturais e artísticos que a fan singular*

O Consello da Xunta autorizou hoxe, a proposta da Consellería de Innovación e Industria, a declaración da festa de San Fins do Castro, de Cabana de Bergantiños, como festa de interese turístico galego. A Consellería valorou a solicitude efectuada pola corporación municipal de Cabana de Bergantiños, e comprobados os requirimentos da declaración no que se refire á antigüidade da festa, á singularidade que a diferencia doutras romarías e os seus valores culturais e artísticos, estimouna favorablemente e elevoulle a proposta ao Consello da Xunta.

A romaría de San Fins do Castro, patrón de Cabana de Bergantiños, celébrase o primeiro de agosto. A principios do século XX esta era unha romaría de pouca sona, pero desde os anos 30, coa chegada de Saturnino Cuíñas Lois á freguesía de Cesullas, comezou a cobrar importancia. O acto máis singular desta romaría é o chamado 'Berro seco' e o canto do Himno a San Fins.



MEDIO RURAL DECLARA DE UTILIDADE PÚBLICA ZONAS DE MONTES VECIÑAIS DOS CONCELLOS DE DODRO E RIANXO PARA O TRAZADO DA AUTOVÍA DA BARBANZA, E DE BOIRO PARA A AMPLIACIÓN DO CEMITERIO MUNICIPAL

O Consello da Xunta, a proposta da Consellería do Medio Rural, declarou a prevalencia de utilidade pública do proxecto de trazado da Autovía do Barbanza, sobre a dos montes veciñais en man común (CMVMC) das comunidades de San Xoán de Laíño, Dodro, Asados, Isorna e Leiro. Declarouse tamén a prevalencia do proxecto de ampliación do cemiterio municipal de Vista Alegre sobre a do monte veciñal pertencente á comunidade de Brión, promovida polo Concello de Boiro.

A Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais ratificou ambos os dous informes positivos da Delegación Provincial do Medio Rural, elaborados despois de que se lles comunicaran os expedientes ás comunidades afectadas, que manifestaron o seu acordo coa execución destes proxectos de interese público.

No caso do proxecto da Barbanza, trátase do Monte Cruz de Abelán, pertencente á CMVMC de San Xoán de Laíño (Dodro), cunha superficie de afección de 37.217 m²; do Monte Valouta e Fontecova, da CMVMC de Dodro, cunha superficie de 23.861 m² e de Monte Pena e Leiras, cunha superficie de 12.494 m² pertencente á CMVMC de Asados, de 6.639 m² da CMVMC de Isorna e 2.291 da CMVMC de Leiro (Rianxo).

Proxecto de ampliación do cemiterio municipal de Vista Alegre

En canto á declaración de prevalencia da utilidade pública do proxecto de ampliación do cemiterio municipal de Vista Alegre sobre a do monte veciñal en man común Deira e Pedroso, pertencente á CMVMC de Brión, promovido polo Concello de Boiro, cunha superficie de afección de 18.452 m², condicionouse á realización dun camiño perimetral de 4 metros de calzada, que permita o paso de vehículos motobomba, que discorra pola parede noroeste do cemiterio.

Este trámite é preceptivo para a execución de obras comprendidas nos plans de obras e servizos locais, incluídos nos plans provinciais de cooperación, que deben levar anexa a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos terreos neles comprendidos para os efectos da súa expropiación forzosa. Ademais, exíxese a declaración expresa da Xunta para a expropiación dos montes veciñais en man común por causa de utilidade pública ou interese social prevalente ás do propio monte.



A XUNTA E A USC ANALIZARÁN O IMPACTO AMBIENTAL QUE PRODUCEN AS ACTIVIDADES REALIZADAS POR ESTUDANTES E TRABALLADORES DOS CAMPUS DE SANTIAGO E LUGO

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura deste convenio, que contará cun investimento de 97.280 euros financiado a partes iguais entre a Consellería de Medio Ambiente e a USC*
- *Entre as actuacións previstas está a análise da “pegada ecolóxica” da USC, que consiste en avaliar as emisións de CO² en diferentes actividades, ademais dun programa de mobilidade dos membros da comunidade universitaria e a posta en marcha do programa de préstamo de bicicletas*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Universidade de Santiago (USC) realizarán a análise do impacto ambiental que producen as actividades realizadas pola comunidade universitaria nos campus de Santiago e Lugo. O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre ambas as dúas institucións, que permitirá avaliar as emisións de CO² que se producen na universidade, e así levar a cabo actuacións axeitadas para a súa redución.

O convenio para a análise do impacto ambiental da USC contará cun investimento de 97.280 euros, que será financiado a partes iguais entre a Consellería de Medio Ambiente e a Universidade de Santiago, cunha achega de 48.640 euros por cada institución. O obxectivo daquel é desenvolver unha serie de actuacións encamiñadas a promover e consolidar as pautas de sustentabilidade na universidade, entre as que se atopan a elaboración da “pegada ecolóxica” da universidade, a posta en marcha do programa de mobilidade nos campus e do servizo de préstamo de bicicletas.

Pegada Ecolóxica

A “pegada ecolóxica” representará o custo que supón para o medio ambiente o modelo de vida que se desenvolve na comunidade universitaria. A metodoloxía de cálculo baséase na estimación das emisións de CO² asociadas a diferentes actividades que se realizan na universidade e dos desprazamentos que se fan, tendo en conta tamén o consumo de recursos como electricidade, gasóleo, auga e papel. Os datos obtidos expresaranse en hectáreas por persoa e ano, o que permitirá representar a extensión de terreo que sería necesaria para asimilar as ditas emisións.

Entre as accións previstas no convenio tamén se inclúe o programa de mobilidade nos campus da USC, que ten por obxecto analizar os hábitos de desprazamento aos centros de estudo e de traballo dos membros da comunidade universitaria. Os datos achegados por este programa servirán para coñecer as emisións de CO² asociadas aos desprazamentos, que se incluírán na elaboración da “pegada ecolóxica”, así como determinar indicadores de mobilidade, como a distribución dos medios de transporte



empregados, a media de desprazamentos ao centro docente que realiza cada persoa, e da distancia percorrida en medios motorizados e non motorizados. O programa de mobilidade desenvolverase a través dunha enquisa a estudantes, docentes e demais traballadores da USC, e permitirá propoñer no futuro unha serie de medidas para reducir os impactos ambientais derivados da mobilidade.

Préstamo de bicicletas

O programa de préstamo de bicicletas, que desenvolverá a USC mediante este convenio, ten como obxectivo fomentar o emprego da bicicleta como vehículo sustentable no campus universitario de Santiago de Compostela. Así, a USC planificará a campaña de préstamo e a súa divulgación e encargarse da xestión de solicitudes, organización das entregas, resolución das dúbidas técnicas dos usuarios e elaborará ademais unha enquisa e unha memoria do seguimento desta actividade.

Os resultados obtidos das accións enmarcadas no convenio divulgaranse co fin de concienciar a comunidade universitaria dos impactos derivados das actividades que desenvolven e tentar así reducilos.



A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE AMPLIARÁ A REDE DE AUGAS DA PONTENOVA PARA ATENDER AS DEMANDAS DE ABASTECIMENTO DA LOCALIDADE LUGUESA

▪ ***A actuación contará cun investimento de 198.000 euros***

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a través da administración hidráulica, dotará de novos servizos de abastecemento o núcleo da Pontenova, na provincia de Lugo. O proxecto de ampliación da rede de augas ten por obxecto facer fronte ao incremento da demanda, sobre todo na época vacacional, debido o aumento da poboación que ten esta localidade nos meses de estío; e tamén ao incremento da dotación de solo industrial que experimentou o municipio.

O proxecto, que foi aprobado hoxe no Consello da Xunta, ten como obxectivo a incorporación á rede dunha nova achega, procedente do arroio coñecido como Rego do Vao, mediante a construción dun depósito de almacenamento de 500 metros cúbicos de capacidade. Para o tratamento de auga procederase, así mesmo, á ampliación da estación depuradora xa existente.

A actuación suporá un investimento de 198.000 euros, que financiará na súa totalidade a Consellería de Medio Ambiente, a través da administración hidráulica, e conta cun prazo de execución de 9 meses.



A XUNTA INVISTE 1,37 MILLÓNS DE EUROS NA REHABILITACIÓN DE NOVE BAIXOS COMERCIAIS NA ZONA DE SANTO ESTEVO E DA FONTEIRIÑA NO CONCELLO DE ALLARIZ

- *O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e o Concello de Allariz*
- *O orzamento distribuirase en dúas anualidades, 697.204 euros no 2007 e os 679.700 euros restantes con cargo aos orzamentos de 2008*

A Consellería de Vivenda e Solo inviste 1.376.904 euros na rehabilitación de nove baixos comerciais na zona de Santo Estevo e da Fonteyriña no Concello de Allariz. O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a consellería e o concello para levar a cabo esta actuación, que se enmarca dentro da liña de traballo do Goberno galego de fomentar a renovación e recuperación dos centros históricos e doutros tecidos urbanos degradados.

O investimento distribuirase en dúas anualidades: 697.204 euros no 2007 e os 679.700 euros restantes con cargo aos orzamentos de 2008.

Para o seguimento e control do convenio de colaboración, constituirase unha comisión integrada por un representante da Administración autonómica e un representante da Administración local. Por outra banda, será o concello quen se encargue de levar a cabo todas as actuacións relativas á contratación, execución e recepción das obras proxectadas, así como as relativas ás obtencións de permisos, autorizacións e todos os trámites que sexan necesarios para poñer en marcha esta actuación.